


Guía de admisión de alumnos/as nos centros escolares de Culleredo



escolarízate ^{10^o}

CULLEREDO  EDUCACIÓN

Introdución

Co fin de facilitar a información e orientación para o proceso de admisión de alumnos/as en centros sostidos con fondos públicos para este curso no Concello de Culleredo, recóllense as normas de cumprimentación da solicitude de admisión, así como as datas do calendario a ter en conta polas familias e alumnos/as, ademais dos baremos de puntuación aplicables, zonas e mapa de escolarización.

Ademais desta guía, poderase obter información e apoio de xeito presencial no departamento municipal de Educación

no Pazo Vila Melanía

Avda. Vilaboa, 44

15174

ou por teléfono no número

981 66 12 08





Que é o proceso de admisión do alumnado?

É un procedemento legal establecido para facilitar a escolarización do alumnado que se incorpora ao sistema educativo ou cambia de centro. Ten carácter anual e realízase no mes de marzo para Educación Infantil, Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato.

Este proceso recóllese nas seguintes normas:

DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG ,26 de decembro de 2012)

e na seguinte orde:


ORDE do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.




Orientacións básicas

para admisión do alumnado

- As solicitudes poderán recollerse nos centros escolares.
- Presentarase unha única solicitude.
- A solicitude presentarase no centro no que se solicita en primeiro lugar.
- Na mesma solicitude os pais ,nais ou titores legais,deberán manifestar se desexan o servizo complementario de comedor.
- Os/as interesados/as terán dereito a que se lles expida unha copia ou xustificante, con data e selo, que acredite a súa petición.
- Será ineficaz a solicitude:
 - cando se presente fóra de prazo.
 - cando haxa máis dunha solicitude.
- Ter en conta:
 - cando a documentación achegada para acreditar os requisitos e criterios non se axuste ás circunstancias reais do alumno/a, dará lugar á perda de todos os dereitos de prioridade que lles poidan corresponder.





Calendario do proceso de admisión

Datas	Actuacións
Do 1 ao 15 de febreiro	Reserva de praza no centro de orixe
Antes do 1 de marzo	Publicación en cada centro da oferta de prazas disponibles.
Do 1 ao 20 de marzo (as datas poden variar se caen en festivo)	Presentación da solicitude na secretaría dos centros escolares
Contará con 10 días hábiles, (a partir dos 2 días seguintes ao remate o prazo)	Presentación de documentación xustificativa que sexa requirida
Antes do 25 de abril	Publicación das listaxes provisionais dos admitidos e non admitidos
Antes do 15 de maio	No caso de que a persoa solicitante non fose admitida no centro indicado en primeiro lugar na súa solicitude, será baremada de forma sucesiva para cada un dos centros solicitados nos que existan postos vacantes,segundo a orde de preferencia de solicitude .As listas cas novas adxudicacións fanse públicas nos centros educativos . (Comisión de Escolarización)
Do 20 ao 30 de xuño	Formalización da matrícula en Educación Infantil e Primaria
Do 25 de xuño ao 10 de xullo	Formalización da matrícula en ESO e Bacharelato
Do 1 ao 10 de setembro	Prazo extraordinario de formalización da matrícula en ESO e Bacharelato
Comisión de "Escolarización"	Este organismo adxudica as prazas a todos os solicitantes, pendentos dalgún centro escolar. As listaxes coas novas adxudicacións fanse públicas nos centros educativos.



DOCUMENTOS A PRESENTAR NO MOMENTO DA SOLICITUDE

1. Impreso de solicitude que se recolle no centro escolar.
2. Fotocopia do libro de familia onde figure o menor ou fotocopia do DNI ou NIE.



DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA


- ◆ **Certificación** expedida polo **centro escolar** que faga constar a **existencia de irmáns no centro**.
- ◆ **Certificado de empadramento:** cando coincide o domicilio familiar e fiscal. Neste certificado figurarán todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no domicilio concreto deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas.
- ◆ **Cando os representates legais vivan en domicilios diferentes:** constará como enderezo familiar o daquel con quen o/a alumno/a conviva.
- ◆ **Certificado de convivencia:** cando viva en domicilio distinto daqueles familiares cos que o menor conviva é requisito imprescindible para a súa consideración que a convivencia real se xustifique mediante unha certificación expedida para tal efecto polo Concello, a partir dos informes da Policía Local ou da Garda Civil.
- ◆ **No caso de menores en situación de acollimento:** as familias de acollida presentarán a fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.
- ◆ **Cando non coincide o domicilio familiar e fiscal:** escritura de compra venda ou doazón da vivenda, contrato de alugamento ou contrato de alta dos recibos actualizados de auga, luz, gas.
- ◆ **No caso de familia numerosa:** fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar, ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación. Neste último caso, deberá achegar a fotocopia do título, da súa renovación ou do carné, antes da resolución definitiva da admisión no centro que solicita en primeiro lugar.
- ◆ **Nas familias monoparentais:** fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador.
- ◆ **En canto a discapacidade:** certificación de discapacidade do solicitante, pai, nai ou titores legais ou algún dos seus irmáns, en caso de posuír unha discapacidade igual ou superior ao 33%. acreditarase mediante a certificación do grao de discapacidade expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administracións públicas.

En canto ao traballo:

- Se traballa por conta allea: unha certificación expedida polo titular da empresa ou responsable de persoal e unha copia do contrato laboral. O centro de traballo deberá estar nunha localidade e enderezo concreto.
- Se traballa por conta propia: alta censal inicial perante a Axencia Estatal Tributaria e a alta na Tesourería Xeral no Réxime da Seguridade Social correspondente.
- Se traballa na administración pública. Presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

En canto ao expediente académico:

- Para o acceso ás ensinanzas de Bacharelato, anota do expediente académico irá referida ao terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria ou, se é o caso, da titulación que alegue para o ingreso, e acreditarase mediante unha certificación académica persoal



Criterios de Valoración



Existencia de irmáns/ás no centro

- Por irmán/á matriculado/a no centro: **8 puntos**.
 - Polo segundo e seguintes irmáns/ás matriculados no centro: **2 puntos**, por cada un/unha.
- Dun parto múltiple, outórgaselle a cada unha/un dela/deles a **puntuación prevista para un irmá/irmán matriculado/o no centro**.
- No caso de familias acolledoras, os fillos/as terán condición de irmá/irmáns para o/a fillo/a de acollida.
- *(Teñen dereito, de forma excepcional, aos servizos complementarios as irmás e os irmáns xa escolarizados no centro con carácter forzoso)

Proximidade ao domicilio

- Se o domicilio familiar está na área de influencia do centro: **6 puntos**.
- Se o domicilio familiar está en áreas limítrofes á área de influencia do centro: **3 puntos**.
- Para nais ,pais e titores legais que traballen no centro: **3 puntos**



Proximidade do centro ao lugar de traballo

- Se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está na área de influencia do centro: **4 puntos**.
- Se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está en áreas limítrofes a as áreas de influencia do centro: **2 puntos**



Renda por habitante por unidade familiar

- Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos.
- Se é igual ou superior ao 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos.
- Se é igual ou superior ao 0,75 e inferior a o IPREM: 1 punto.
- Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos

* (Deberase sinalar na solicitude a cantidade que resulte da suma da base imponible xeral e da base imponible do aforro na declaración da renda conxunta, ou se é o caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar, dividida entre o número de membros computables desta.)

Familia numerosa



- Familia numerosa de categoría especial: 3 puntos.
- Familia numerosa de categoría xeral: 2 puntos.
- Por condición de familia monoparental : 2 puntos

Por discapacidade

- Por discapacidade no alumno/a: 4 puntos.
- Por discapacidade de nai, pai ou titor legal: 3 puntos.
- Por discapacidade nalgũa irmá/irmán do alumno: 1 punto.

Por expediente académico

Para o acceso a bacharelato

- Nota media de sobresaliente: 2 puntos
- Nota media de notable: 1 punto.
- Nota media de ben: 0,50 puntos.



Criterios complementarios

- Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, e que terán que facerse públicos polos centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión: **1 punto**.

Criterios de Valoración en caso de empate

- En caso de empate na puntuación final, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos referidos criterios.
- De manterse o empate resolverase mediante un **sorteo público**, antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes:



⇒ No sorteo extraeranse **catro letras do abecedario**, que determinarán, correlativamente, **a primeira e segunda letra do primeiro apelido e a primeira e segunda letra do segundo apelido**. As catro extraccións levaranse a cabo con todas as letras.

⇒ A orde de prelación comezará polo solicitante do que o seu primeiro apelido comece coas dúas primeiras letras extraídas e, se non houberse ningún, continuarase polo seguinte solicitante por orde alfabética.

⇒ No caso de coincidencia no primeiro apelido entre varias alumnas ou alumnos, comezase por aquel cun segundo apelido que comece coa terceira e cuarta letras extraídas e, se non houberse ningún, polo seguinte solicitante por orde alfabética.

⇒ No caso de coincidencia do primeiro e segundo apelido entre varios solicitantes, acudirase como criterio de desempate ao nome, por orde alfabética; en caso de persistir, dirimirase por sorteo.

⇒ Non se terán en conta os **apelidos que vaian precedidos de preposicións, conxuncións ou artigos**.

Procedemento extraordinario de admisión

- Por traslado, escolarizarase o/a alumno/a unha vez que se inicieo curso académico



- Por proceder do estranxeiro, por pertencer a familias itinerantes ou por calquera outro motivo acreditado, incorporarase de forma tardía ao sistema educativo español.

Escolarización

por violencia de xénero ou acoso escolar

- Escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro ao estar imputado en actos de **violencia de xénero ou acoso escolar**. Adoptaranse medidas necesarias para que se lle preste especial atención.



Zonas de influencia e centros escolares

Zona	Centro	Enderezo	Teléfono
1	CEIP P. Tarrío	Rúa das Paxariñas s/n	981676747
	CRA Culleredo - Aula Choeira	Choeira-Almeiras	981662094
	Aula Sésamo	Sésamo - Culleredo	646127209
	Aula Ledoño	Ledoño - Culleredo	981668189
	Aula Vinxeira	Vinxeira - Culleredo	981668077
2	CEIP Sofía Casanova	Vilaboa - Rutis	981663857
	IESE. Blanco Amor	Avda. De Cordeda s/n- Rutis	981667391
	IES Universidade Laboral	Avda. Salvador Allendes/n- Acea de Ama	981660700
	CPR Rías Altas	Estrada da Zapateira s/n - Rutis	981174371
	Privado- Concertado		
	CPR P. Andaina	Zapateira s/n- Rutis	981138880
	Privado- Concertado		
	CPR Montespino	Estrada da Zapateira s/n - Rutis	981284311
	Privado- Concertado (primaria y secundaria)		
E. Infantil 2 "Fonte da Balsa"	Rúa Dereitos Humanos 2 - Vilaboa	981612113	
3	CEIP I. Díaz Pardo	Rúa Cacabelo, 1- O Burgo	981663514
	E. Infantil "O Burgo"	Julio Fernández Arguelles, 4, O Burgo	981661283
4	CEIP Ria do Burgo	Rúa María Cagiao -8	981667356
	CPR A Ponte Pasaxe	Avda. Fonteculler - Rutis	981661666
	Privado- Concertado		
	E. Infantil "A Tartaruga"	Rúa das Brañas-Fonteculler - Rutis	981666666

CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS

- 1** C.E.P. TARRÍO
- 2** C.E.I.P. SOFÍA CASANOVA
- 3** C.E.I.P. DÍAZ PARDO
- 4** C.E.I.P. RÍADO BURGO

